

# coreo

## tendas ecológicas

### Pón o seu dispor os seguintes productos:

- Papel reciclado fotocopiadora/láser
- Papel reciclado escritura
- Libretas papel reciclado
- Papel diseño fotocopiadora/láser
- Papel continuo para ordenador
- Sobres e bolsas
- Cartulinas
- Transparencias fotocopiadora
- Película Blanca
- Marcos Protectores
- Etiquetas ordenador

### Outros productos

- Libros • Maquetas de papel
- Material oficina
- Toner fotocopiadora • Toner láser
- Xoguetes madeira
- Acuarelas • Barnices, etc...



#### SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo  
☎ (981) 56 54 87 • Fax 56 31 88



#### LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo  
☎ (982) 25 01 98  
Fax 25 01 98

#### VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 8  
☎ (986) 20 23 38  
Fax 20 23 38



# editorial

*PREVENCIÓN da contaminación significa evitar a xeneración de residuos e contaminantes en orixen, de forma que non se cheguen a producir.*

*Desde as primeiros actitudes que consideravan a dilución nas águas ou na atmósfera como solución suficiente, foi-se avanzando cara o conceito de control e xestión dos resíduos, baseado na aplicación de tratamentos externos, de final de tubería. Nengunha destas filosofías cuestionan a producción dos contaminantes. A xeneralización da xestión e control conduciu a implantación dun negocio ambiental de crescente magnitud, onde o resíduo, tóxico ou non, é o protagonista.*

*O fracaso deste enfoque fixo-se patente ao non conseguir parar o progresivo deterioro e envenenamento do ambiente. O desenrollo sostívél requere o replantexamento da lexislación e da acción ambiental. A eliminación das sustancias contaminantes só é posible actuando na orixen: tecnologías limpas, produtos limpos, velai os elementos da producción limpia. Esta filosofía é hoxe a clave do movemento ecoloxista, e está xa a dar os primeiros frutos.*

*No extremo oposto das tecnologías limpas atopa-se a tecnoxia de incineración de residuos. E isto é así por razón doble: por un lado a contaminación que xenera o próprio proceso de incineración e a dispersión irreversible dos contaminantes na atmósfera, no solo e na biosfera; por outro, e non menos importante, o efecto perverso de promocionar a xeneración de mais residuos, convertidos máxicamente en residuos-negocio. A incineración é en si un negocio súcio e macabro, e a sua única virtude é a de potenciar outros negocios ambientais da mesma índole.*